

RITUAIS ANCESTRAIS DO ENTROIDO. ACHEGAS HISTÓRICAS Á CORRIDA DO GALO EN GALICIA E NOS CONCELLOS CHAIREGOS DE CASTRO DE REI E COSPEITO.

Publicado na Revista “Pena do Encanto” (Instituto de Estudios Chairegos), nº 11, 2021. Vilalba (Lugo).

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. TEMPO DE ENTROIDO E ALGÚNS TRAZOS BÁSICOS.

O Carnaval recibe en Galicia o nome de Entroido, vocábulo que procede do latín “Introitus”, que significa “entrada”, ou “comezo do ano ou da primavera”. Segundo as diferentes comunidades nas que se celebra esta conmemoración festiva recibe os nomes de “Antroido”, “Introido”, “Entrudio”, “Entrudo”...¹

O tempo de Entroido está ligado coa Pascua de Resurrección, festa de carácter lunar, que conmemora o día da morte de Xesús. Esta conmemoración, segundo o Concilio de Nicea, lévase a cabo o primeiro domingo que segue a lúa chea de primavera. En consecuencia, o domingo de Entroido celébrase corenta e nove días denantes da Pascua de Resurrección. Agora ben, o calendario lunar ten como fundamento o ritmo irregular das lúas, xa que o ciclo completo de lunación ben durando normalmente vinte e nove días, e doce horas. Polo tanto, o domingo de Entroido pode cadrar entre o un de Febreiro e o sete de Marzo.

Agora ben, os días propios da festividade do Entroido abranguía -segundo *Vicente Risco*- unhas tres semanas nas que era mester sinalar os seguintes días: o domingo fareleiro; o xoves de compadres; o domingo correteiro; o xoves de comadres; e os días grandes do Entroido, que se correspondían co domindo, luns e martes. Eventualmente, tamén o mércores de cinza. Ademais, cómpre facer mención ao domingo de piñata, primeiro domingo de coresma, que se conmemora nalgúns comunidades ².

¹ RISCO, Vicente.: *Historia de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 611.

² RISCO, Vicente.: *Ob. cit.*, páx. 612.

Por outra banda, esta conmemoración festiva está revestida dunha serie de elementos moi peculiares, que fan desta celebración algo especial e propio. Así, podemos distinguir os seguintes:

1º. Trátase dunha festividade de tránsito entre o solsticio de inverno e o equinocio da primavera .Isto implica que algúns rituais deste momento festivo sexan indicadores dun novo mencer fronte a escuridade.

2º. É un tempo de transgresión da orde habitual; de ruptura de todas as normas; de inversión de valores. Un tempo axeitado para que todos podamos simbolizar “un rol” diferente ao que temos na vida cotiá. E isto realízase, as máis das veces, por medios dos disfraces e as máscaras.

3º. No Entroido estamos ritualizando o lado oscuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida.

4º. O Entroido provoca un desaforo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensións acumuladas ao longo do ano.³

5º. No tempo de Entroido, os praceres carnais están personificados por medio de animais vivos, como o galo, que ten fama de ser un dos máis luxuriosos. No obstante, tamén se usan figuras de animais, que foron asociados por tradición non só coa lascivia, senón tamén con outras formas de comportamento carnal, como a gula, a preguiza etc. Así, podemos sinalar a vaca, o touro, a mula, o oso. Ademais, hai representación dunha animalidade en abstracto, reflectida por unha serie de atributos como as peles, cornos, máscaras con figuras de animais. Tamén, hai outras formas de simbolizar ao Entroido: unha delas é a vellez; polo tanto, non resulta estrano ver moitos disfraces de roupas e caraútas vellas. Así mesmo, o Entroido tamén está personificado naquelas persoas disfrazadas con vestidos de luxo, como é o caso das Madamas; os Galáns; os Señoritos. O luxo está relacionado coa voluptuosidade, co pracer sexual ⁴.

6º. Este tempo representa ademais unha loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida – segundo termos nietzscheanos- pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga, *Apolo e Dionisios*. Así, o dionisiaco simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, o apolíneo, representaba todo

³ FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: Do Entroido. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Colección Alicerces, nº 6, 1994, páx. 9.

⁴ MARIÑO FERRO, X.R.: *Antropoloxía de Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 2000 páx. 487.

o contrario, é decir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo ⁵. En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver co triunfo do apolíneo, e decir da orde e do control social.

7º. O Entroido ten un fondo contido dramático, xa que é un tempo no que se escenifican e parodian as institución civís e eclesiásticas ⁶.

8º. A máscara é uns dos elementos esenciais do Entroido. É un símbolo claro da animalidade entroidana, que provoca diferentes tipos de emocións: admiración, alegría, medo, temor, inquietude. Non adoita actuar en solitario, senón en grupo formando mascaradas, que percorren as rúas das vilas e os camiños das parroquias. Gozan de inmunidade, o que lles permite botar fariña, auga e nalgún tempo formigas.

9º. É un tempo no que as portas das casas están abertas de cara ao exterior, e todos participan dun xeito directo ou indirecto na festa.

10º. O Entroido ten unha finalidade didáctica. O desenfreo e a desorde, que se produce nesta festividade, regulan a orde social.⁷

11º. Unha das manifestacións do Entroido, que serve de válvula de escape aos asistentes a algúns dos actos deste tempo festivo e o “riso”. Todo vale e todo resulta cómico no tempo do Carnaval.⁸

12º. É un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. O elemento sexual aparece reflectido en certos xogos como o das olas; o do pucheiro; nas disputas que había nos xoves de compadres e comadres; no costume de que as máscaras lles levanten as saias ás mulleres e se metan con elas ⁹.

O Entroido foi prohibido durante o periodo da guerra civil do 36 e, logo, durante a ditadura franquista. Tanto a Igrexa como o Estado, apoiándose mutuamente nesta nova dirección Nacional- Católica, dictaron ordes e circulares para impedir este evento festivo.

⁵ CHAO REGO, Xosé.: “ O Entroido é unha entrada”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Entroido.*,(Coord. Xosé Mansuel Carballo Ferreiro) páxs. 30-31.

⁶ SUAREZ PIÑEIRO, Ana.: As festas rituais de Galicia, Santiago de Compostela: Ed. Lóstrego, 2000.

⁷ SANTAMARIÑA, Fidalgo.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourensán*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009.

⁸ COCHO, F.: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Madrid: Taurus, 1984, páx. 47.

⁹ BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, en *Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19, 2009. páx. 61.

II. RITUAL ANCESTRAL: A CORRIDA DO GALO.

Este ritual caracterízase por símbolos, por desenvolverse nun espazo e tempo determinado, que adoita estar prescrito pola tradición, e ademais, por posuír partes abertas e pechadas. As partes pechadas, son aquelas que son invariables e comúns para todos os que realizan o ritual; pola contra, as partes abertas proporcionan a flexibilidade necesaria para que cada un aporte o seu labor persoal á experiencia. Así mesmo, trataríase dun ritual de continuidade, xa que se leva a cabo dun xeito repetido, sendo o seu obxectivo manter unha continuidade e unha normalidade dentro da cada etapa do ciclo vital ¹⁰.

Este ritual está documentado dende finais do medievo en varios países europeos, como Francia, P. Baixos, Alemaña, e Inglaterra. Tamén, se ten constancia de “corridas de galos” en moitos lugares da península mais dun xeito particular na metade norte. Así, Caro Baroja, fixo alusión á celebración deste ritual en diversas provincias españolas como Illescas (Toledo); Madrid; Vilalba da Lampreana (Zamora); Calatañazor, A Figueira e Casarejos (Soria); Alhóndiga (Guadalajara); Allande (Asturias); Nalda e Santurdejo (La Rioja); Gordejuela (Vizcaya). Ademais, se celebraba en numerosas comunidades da provincia de Burgos: Poza de la Sal; El Almiñe; Sotocueva; Castrojeriz; Prádanos de Bureba; Gamonal; Atapuerca; Palazuelos de la Sierra, Santo Domingo de Silos...¹¹.

Con respecto a Galicia, esta práctica levouse a cabo ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Cotobade; O Rosal; Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres; nas coruñesas de Sobrado dos Monxes; Trazo; e Zás; nas ourensáns de Viana do Bolo; e a Mezquita; e nas lucenses de Vega de Logares (A Fonsagrada); algunhas parroquias de Ribeiras de Pequín, e diferentes parroquias da Terra Chá. Este ritual adoitaba celebrarse no tempo de Entroido agás nalgúns lugares nos que se levaba a cabo na Pascua¹². Nos seus inicios participaban cativos. Así, André Lousada e Soutomaior no intre de crear a escola primaria de San Pedro da Porta (Sobrado dos Monxes) no século

¹⁰ BENITO RIESCO, Orlando.: “A propósito de un ritual. “Correr el gallo”, un rito de iniciación”, en *Gazeta de Antropología*, nº 22, 2006

¹¹ CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Madrid: Taurus, 1984, páxs.84-90-

¹² COCHO, F.: *Ob. cit.*, páx. 197. “Na parroquia dos Vaos, pertencente ao municipio lucense de Ribeira de Piquín.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “Teatralidade e Teatro no Entroido de Galiza”, en *o Patrimonio Inmaterial das Terras de Lemos. Actas do Congreso, primavera-outono, 2009*, Lugo: Lugo Patrimonio, Deputación Provincial de Lugo. “ Parroquia lucense de Duarría, que forma parte do municipio lucense de Castro de Rei”, páx. 114.

XVIII fixo alusión a que o mestre non debía ser receptor de ningún pagamento por parte dos seus alumnos agás o bolo ou torresmo, que se practica o Xoves de Comadres para a corrida do galo ¹³. Polo tanto, antano o premio da “corrida do galo” entregáballo o alumno ao Mestre. No obstante, co paso do tempo foi un ritual axeitado prós mozos e, tamén para persoas adultas.

Na provincia de Ourense, este ritual soía realizarse con moita pompa nas seguintes parroquias e concellos. Na *parroquia e concello de Viana do Bolo* os mozos das escolas eran os que corrían aos galos, habendo varias modos de levar a cabo este ritual. Así, os rapaces corrían detrás dun galo ata que o cansaban e, logo, ían tras outros. Pola tarde, penduraban dunha corda aos galos, que correran pola mañá e tentaban cortarlles a cabeza cun sabre vello. Finalmente, soterraban ao último galo nun montón de terra mais coa cabeza fora; logo, os mozos cos ollos tapados pretendían cortarlle a cabeza cun sabre ¹⁴. Algunha destas modalidades se levaban a cabo noutras comunidades ourensáns como *Allariz e Oimbra*. Por outra banda, *no núcleo urbano do concello de A Mezquita* celebrouse no ano 2015 a última corrida, que rematou coa denuncia de colectivos animalistas pola degolación de galos vivos. Normalmente, o ritual da corrida consistía en que os mozos subidos nun burro lle arrincaban a cabeza aos galos, que estaban suspendidos dunha corda, **(FOTO)**. Logo, estes eran cociñados e degustados polos participantes no ritual, que sempre eran homes. No obstante, na edición deste ano, a decapitación dos galos levouse a cabo por dous mozos, que se acercaron de pé ata o galo, e tiraron varias veces do pescozo do animal ata que conseguiron arrincarullo. Logo, como símbolo de victoria, lanzaron ao aire. Este ritual ía seguir realizándose en días posteriores con outros galos. No obstante, a presenza humana para ver o evento foi escasa.

Na provincia de Pontevedra, a corrida do galo adoitaba celebrarse cunha gran solemnidade nas seguintes parroquias e concellos: Así, nas parroquias pontevedresas de *Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres, pertencentes ao concello de Vilaboa*, adoitaban poñer un galo, atado nun buraco do chan mais sen enterrado. Logo, os mozos tentaban collelo e nese intre fuxían correndo. No obstante, tiñan que superar un obstáculo importante, consistente na defensa que lle proporcionaban ao galo unha serie de persoas,

¹³ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2, 1991, páx.58.

¹⁴ TENORIO, Nicolás.: *La aldea gallega*, Vigo: Xerais, 1982, pp. 170.

algunhas con máscara ¹⁵. No *concello de Cotobade – hoxe Cerdedo-Cotobade*, pendurábase un galo vivo nunha corda, que estaba suxeita a dúas árbores ou dúas varandas coas ás atadas de tal xeito, que se lle puidese cortar a cabeza cun sabre; os participantes levaban os ollos tapados ¹⁶. Da mesma maneira, se levaba a cabo este ritual nalgunhas *parroquias da Comarca do Condado*¹⁷. Na *parroquia de Fornelos*, que forma parte do concello de O Rosal, colgábase un galo polas patas dunha corda, sostida entre dúas varandas; logo, os participantes, subidos nun cabalo ou nun burro, tiñan que dar morte ao animal mediante un pao ¹⁸.

Na provincia de A Coruña, este ritual do galo, soía levarse a cabo cun carácter cerimonioso nalgunhas comunidades parroquiais e concellos. Así, *na propia parroquia e concello de Zas*, penduraban ao galo polas pernas dunha corda, situada a certa altura; logo, os mozos viñan correndo e tiñan que saltar o suficiente para conseguir sacarlle o pescozo. No obstante, un mozo facía oscilar a corda dende un dos seus extremos, dificultando a operación ¹⁹. Na *parroquia de Grixalba, pertencente ao concello de Sobrado dos Monxes*, realizábase a mesma práctica ritual do galo que na parroquia de Zas mais cunha pequena distinción consistente en que ao galo botabaselle aceite na súa cabeza para dificultar deste xeito o seu degolamento. *Na parroquia de Xavestre, que forma parte do concello de Trazo*, atábase un galo por unha corda, que se pasaba por unha roldana; logo, os que tomaban parte no ritual cos ollos vendados escomenzaban a pegarlle paos ao animal, que subía e baixaba pola roldana. Segundo fose a habilidade dos malladores o acto podía durar máis ou menos, rematando cando o galo morría ²⁰.

Na provincia de Lugo, esta práctica ritual adoitaba celebrarse con certa suntuosidade. Na *parroquia de Veiga de Logares, pertencente ao concello de A Fonsagrada*, tiñan por costume enterrar ao galo ata a cabeza. A continuación, aos concursantes tapabanselles os ollos e deste xeito tiñan que procurar cortarlle a cabeza ao galo cunha fouce ou matalo cun pao ²¹. Tamén, nalgunhas parroquias de *o concello de A Pastoriza* levouse a cabo este ritual

¹⁵ MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003, páx. 144.

¹⁶ G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia, 2006, páx. 100.

¹⁷ COCHO, F.: *Ob. cit.*, páx. 199.

¹⁸ G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia, 2006, páx. 100.

¹⁹ COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990, páx. 198.

²⁰ SIXIREI PAREDES, Carlos.: *San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1982.

²¹ COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, páx. 198.

durante moitos anos. Na parroquia vilalbesa de *San Salvador de Lanzós* celebrábase “ a corrida do galo” nun antigo monte veciñal, chamado “ Monte da Pequena”, actual lugar de Brañón. Este ritual consistía no seguinte: “ *Collíase un galo vivo e enterrábase ata o pescozo. De seguido, tapábanselle os ollos cun pano a un dos participantes, e dábanselle unhas voltas para despistalo; a continuación, o concursante tentaba cortarlle a cabeza ao galo cun fouciño. O resto dos participantes animábano, ríanse del, ou memo indicábanlle unha dirección equivocada paera que non dese co galo. Eran poucos os que conseguían atopar o pescozo do galo. O que o lograba levaba como premio o galo. E se non, o galo comíase igual entre todos os concursantes*”. Este ritual realizábase da mesma maneira na parroquia vilalbesa de *San Martiño de Lanzós* ²².

No *concello de Castro de Rei*, levouse a cabo este ritual nunha serie de parroquias, que tiñan como denominador común a presenza de bastante público e, tamén, algunhas similitudes con respecto ao acto. Así, *na parroquia de Ansemar* ataban unha corda entre dúas árbores e, logo penduraban da mesma a varios galos polas patas. **(FOTO)**. A continuación, os concursantes montados en cabalos, moi ben ornamentados para a ocasión, pasaban a galope por baixo deles e tentaban arrincarlles a cabeza. A corrida do galo nesta parroquia foi descrita por *Edelmiro Garcia*²³ da seguinte maneira: “ *Antes tiraban tamén, arrancábaselle a cabeza ao galo vivo. Iban en bestas e arrancábanlle a cabeza ao galo, colgado dunha pata nunha corda e os corredores iban e arrancábanlle a cabeza, Eso despois prohibirono, agora xa non hai iso*”²⁴. Con motivo da “corrida do galo” entraban en acción “os fareleiros”. Tratábase dunha máscara, que aínda está operativa na actualidade. Inicialmente, tiña como finalidade protexer ás personas, que acudían a ver “a corrida do galo”, dos xinetes que participaban na mesma. “*No carnaval, había os fareleiros,...os fareleiros era como unha guardia de seguridad, que había para cando había bestas pa separar á xente pa tras, pa que non mancaran a nadie as bestas*”²⁵. Levaban unha vestimenta de cor branxo e unha caraúta de trazos sinistros. Nas súas mans portaban un bastón do que penduraba un saco de fariña na súa parte inferior. *Na parroquia de Loentia*, colgaban os galos nunha corda dun lado da pista ata o outro; a continuación, pasaban os cabalos cos seus elegantes cabaleiros tirando polas cabezas dos

²² Informante: *Sabela Figueiras Tenreiro*, profesora de secundaria.

²³ Dende a miña óptica foi o sermoeiro máis importante do municipio de Castro de Rei e un dos máis célebres da Terra Chá.

²⁴RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “ Proyecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, *en CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. N° 26, 2016, Castro de Rei (Lugo), páx. 67

²⁵ RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: *Ob. cit.*, páx. 68.,

galos, a ver cal arrincaba máis. Os cabalos eran prestados, pero ían enrestrados e moi preparados, con rosas de papel. Ó final ían unha carreira a ver cal gañaba ²⁶. *Na parroquia de Castro Ribeiras de Lea*, a corrida do galo consistía en colgalos vivos dunha corda. Logo, os cabaleiros a galope, montados nos seus cabalos, pasaban por debaixo intentando arrincarlle-la cabeza.(FOTO). Ó que o conseguía dábanlle o galo de regalo. Normalmente, ó día seguinte, facían todos xuntos unha comida cos galos acompañada de chourizos, orelas, filloas... ²⁷. Na *parroquia de Bazar*, realizábase “o ritual do galo”, no Campo de Carravilar, usando a mesma estrutura que nas demais parroquias: xinetes en cabalos moi enfeitados; galos vivos pendurados dunha corda; degolamento dos galos e, como remate, xantar dos galos por parte dos concursantes no ritual.

En varias parroquias do *concello de Cospeito*, como *Bestar*, en vez da “corrida do galo”, levábase a cabo a “corrida do pato”. Este ritual baseábase no seguinte: “*Os mozos de cada parroquia traían polo Entroido patos dunha lagoa próxima e poñíanos boca abaixo, amarrados polos pés dunha corda, atada entre dúas árbores. Logo, pasaban a cabalo por debaixo para arrincarlles o pescozo. Este costume perdurou ata comezos dos setenta. A partir desta data os patos foron substituídos durante uns anos por galos mortos*”²⁸. Tamén, se realizaba noutras parroquias próximas como Sisoí, Xermar, Arcillá... Nalgunhas entidades de poboación pertencentes a Francia, Alemaña, Inglaterra, e P. Baixos sacrificábanse gansos en vez de galos²⁹ ; outro tanto, sucedía nalgunhas localidades navarras como Azcárate, Lecumberri, Ciga...³⁰.

A partir de comezos do último tercio do século XX, esta práctica ritual de carácter cruento foi paseniño substituída por outra incruenta. As razóns ou motivos, que posibilitaron o cambio do ritual están relacionadas por unha banda coas prohibicións gubernamentais, que xurdiron nestes intres; tamén, a presión exercida polas asociacións ecoloxistas dende hai anos; e finalmente, ao rexeite do ritual por parte dalgúns membros das diferentes comunidades nas que se realizaba polo seu carácter irracional e violento. Todo isto ía

²⁶ BRAVOS LÓPEZ, Marisol (Coodinadora). Equipo de Normalización Lingüística. C.P. Veleiro do Campo (Castro de Ribeiras de Lea). Cursos 95/96 e 96/97. *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos*. Lugo: Publicacións Citania, 2000, pág.137.

²⁷ BRAVOS LÓPEZ, Marisol (Coodinadora). Equipo de Normalización Lingüística. C.P. Veleiro do Campo (Castro de Ribeiras de Lea). Cursos 95/96 e 96/97. *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos*. Lugo: Publicacións Citania, 2000, pág.134.

²⁸ Informante de Bestar: Claudio Castro López.

²⁹ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “Teatralidade e Teatro no Entroido de Galiza”, en *o Patrimonio Inmaterial das Terras de Lemos. Actas do Congreso, primavera-outono, 2009*, Lugo: Lugo Patrimonio, Deputación Provincial de Lugo, pág. 115.

³⁰ COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, pág. 202.

motivar o xurdimento de novas prácticas rituais de índole racional, que tiñan como finalidade a diversión, o humor, mais tamén servir de crítica burlesca dos diferentes aconteceres da vida cotiá. Entre estas novas prácticas distinguimos as seguintes: 1º. A creación duns xogos nos que o “galo” vai ser o persoeiro central. 2º. A posta en escea de dramas e comedias, nas que o galo vai ser o fundamento básico das mesmas, representado por un membro da comunidade. Estes van ser escritos en prosa 3º. A creación de testamentos referentes “ao galo”, “ao Entroido” e “ao burro”, que van ter como denominador común amosar unha crítica burlesca e satírica dos diferentes eventos acaecidos nunha comunidade no último ano. A diferenza dos dramas e comedias, estes van ser escritos en estrofas de catro versos, preferentemente octosilábicos, e rimando o segundo co cuarto.

1º ALGÚNS NOVOS XOGOS DESTA ETAPA.

Estes xogos van ter como centro de referencia ao galo, que vai estar acompañado dos concursantes, que participan nos mesmos. Nas *parroquias de San Adrián e Santa Cristina de Cobres, pertencentes ao concello pontevedrés de Vilaboa*, o galo vivo foi substituído nesta nova etapa por un boneco de goma, plástico ou mesmo tea. Na actualidade, segue manténdose a tradición con dúas variantes: ***O galo na charca e o galo na vara.***(FOTOS). A primeira consiste en poñer un pao de madeira engraxado, atravesando o río. Logo, os participantes teñen que pasalo de pé para coller o falso galo, que está suxeto no extremo dunha pola, situada sobre o río. A outra modalidade baséase en subir por un pao longo de madeira duns cinco metros, que tamén está cuberto de graxa. O premio é acadado por aqueles participantes, que ascenden ata o máis alto do pao onde se encontra o galo ³¹. Estes van recibir de agasallo galos de razas autóctonas como a de Mos (Pontevedra). Na *parroquia de Fornelos, situada no concello pontevedrés de O Rosal*, levouse a cabo unha nova readaptación do ritual, logo da súa prohibición.

Hoxe, os concursantes no evento festivo, van disfrazados e subidos en cabalos, burros, ponys, ou artefactos de catro rodas; o seu obxectivo é romper as olas, que están penduradas dunha corda, tendida dun lado ao outro da rúa principal, coa axuda dunha vara de madeira. (FOTO). O mellor premio vai ser para aquel participante, que logre romper a ola, que garda un galo, representado cunha figura de papel ³².

³¹ Diario “*A Voz de Galicia*” do 12-02-2017.

³² www.atlantico.net.

A comezos do ano 2020 recuperouse *na localidade ourensán de A Mezquita* a festa de Reis co seu “ritual do galo”. No obstante, agora os galos son realizados de trapo. Deste xeito tentase recuperar unha tradición de hai moitos anos adaptandoa a realidade actual. Ademais, os veciños fixeron dúas máscaras, pintadas coa figura do galo, que saíron polas rúas da localidade pedindo o aguinaldo ³³. Trátase dos “*zamarreiros*”. (FOTO).

2º. REPRESENTACIÓNS POPULARES DO ENTROIDO: DRAMAS, COMEDIAS, SERMÓNS, XUIZOS, LIGADOS AO GALO E A OUTROS ELEMENTOS SUSTITUTIVOS.

As representacións de índole popular, que se levaban a cabo no tempo de Entroido, segundo *Vicente Risco*, tiñan unha orixe medieval ³⁴. No obstante, para outros pensadores como é o caso de *González Montañés* estas non poderían acreditarse denantes do século XVIII ³⁵. Estas representacións tiveron unha gran repercusión na sociedade galega non só de carácter urbano senón tamén rural.

Con respecto ao ámbito urbano é mester mencionar “aos apropósitos” na cidade de A Coruña e con certa influencia de cara a localidade de Betanzos. Os apropósitos eran pezas teatrais de carácter satírico, que adoitan amosar os eventos máis importantes acaecidos na cidade no transcurso do ano. Eran elaborados e, tamén, interpretados as máis das veces por persoeiros profesionais no seu xénero. Estes, que comezaron a representarse a principios do último tercio do século XIX, tiveron en *Santiago Álvarez*, máis coñecido por *Nito*, ao seu principal representante. Este, logo da súa prohibición polos efectos da guerra civil do 36, conseguiu recuperar o xénero no ano 1949 malia a censura ³⁶.

En canto ao medio rural e, como elemento substitutivo da “corrida do galo” – ritual cruento e violento- comezaron a representarse pezas cómicas, que tiñan unha clara influencia dos usos teatrais, que se estaban desenvolvendo na cidade. Así, *na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla*, pertencente ao concello coruñés de Vedra, recuperouse a peza teatral de “a corrida do galo”, que comezou a interpretarse no século pasado na década dos corenta. Trábase dunha comedia en sete actos, que estaba articulada a xeito dun debate no que o diálogo era o protagonista. A súa urdime xiraba sobre o xuízo dun galo, que

³³ www.Ourense.com
www.laregion.es

³⁴ RISCO, Vicente.: *Ob. cit.*, páx. 631.

³⁵ GONZÁLEZ MONTAÑÉS, J.: “Teatro de Carnaval”. En www.xente.mundo-r.com/juliomonta/carnaval.htm.

³⁶ G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia, 2006, páx. 107.

estaba interpretado por un veciño da comunidade parroquial. Ademais, nesta peza teatral interviñan outros persoeiros: o celador, o avogado defensor, o fiscal, o padriño, a madriña. Con respecto a lingua, que se usaba na comedia, empregábase cun tono burlesco tanto o galego como o castelán en función do status social dos persoeiros³⁷. No desenvolvemento da comedia, interviña un relator que facía alusión aos delitos, que cometera o galo. Tamén un avogado defensor e un fiscal que pronunciaban os seus alegatos. Finalmente, o acusado (o galo) acababa sendo condenado mais quedaba orgulloso das súas fazañas e delitos, como queda reflectido nos seguintes versos: “*Nacimos catorce irmaus / mirade que formigueiro. / E para a nosa desgracia/ todos de palleiro*”. “*Eu boteime polo mundo / correndo as aldeas todas./ Cantas polas encontraba, / picotazóns con todas...*”³⁸.

Outras representación, tamén na provincia de A Coruña, foron “as pezas cómicas do casamento e a matanza”, que se realizaban *no concello coruñés de Touro*. A farsa da matanza consistía basicamente na morte dun porco, feito de palla, e que levaba un petardo no seu interior...³⁹. Tamén, cómpre sinalar o entremés da parroquia de Bora, que forma parte do municipio de Pontevedra. A súa trama radica nas queixas dunha veciña, xa de idade, polo fume que bota a vivenda do alcalde, que vive ao seu carón e, tamén polo roubo dunhas sardiñas por parte dos seus criados...O final remata coa vella integrándose a troula festiva⁴⁰. Así mesmo, temos en *San Pedro Barizo*, parroquia do concello coruñés de Malpica, “o xogo das vacas”. Esta representación, executada aínda hai dez anos, ten como trama central a interpretación burlesca dunha sementeira e unha venda de vacas, que ao final non son vendidas⁴¹. Ademais, había outras representación de carácter popular como os *Testamento do gato de Vilancosta(A Estrada-Pontevedra) e Alongos (Toén-Ourense). Os testamentos do burro de Laza, Celanova e a Mezquita (Ourense) e de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra)*⁴². Tamén, *nas parroquias de O Cádavo, e Fonteio (Baleira- Lugo) e na Meda (Castroverde-Lugo)* escenificouse o “Xuízo do Entroido” con intervención dun alguacil, avogado defensor, fiscal e xuíz; en Fonteio

³⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “Teatralidade e Teatro no Entroido de Galiza”, en *o Patrimonio Inmaterial das Terras de Lemos. Actas do Congreso, primavera-outono, 2009*, Lugo: Lugo Patrimonio, Deputación Provincial de Lugo, páx. 115.

³⁸ Cocho, Federico.: *Ob. cit.*, páxs. 204-205.

³⁹ FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: *Do Entroido*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1994, páxs. 34-36.

⁴⁰ BOUZA BREY, F.: “ Teatro de Carnaval en Galicia”, en *Etnografía y folklore de Galicia (2)*, Vigo, Xerais, páxs. 203-209.

⁴¹ ROMERO MASIÁ, A. / POSE MESURA, X.M.: “Unha manifestación do Entroido en Barizo. O xogo das vacas”, en *Boletín Auriense, tomo XX-XXI*, Ourense, 1990-91, páxs. 397 e ss.

⁴² GONZÁLEZ MONTAÑES, J.: “Teatro de Carnaval”. En www.xente.mundo-r.com/juliomonta/carnaval.htm.

(Baleira-Lugo) o acusado, representado polo galo símbolo da luxuria carnavalesca era custodiado por un garda civil, que o detiña cada vez que tentaba saír⁴³. *Na parroquia de Morlán (Trazo- A Coruña)* celebrábase o “Testamento do Antroido”, que posiblemente fora un ritual substitutivo dunha peza teatral ou dun ritual cruento como “a corrida do galo”⁴⁴. Así mesmo, nestas escenificacións do Entroido é mester distinguir “*as mascaradas da comarca do Ulla*”, que abrangue a municipios de A Coruña e Pontevedra. Nas mascaradas, propias de cada parroquia, participan xenerais, correos, centinelas e, tamén, un coro de mozos /as con traxes típicos. Os xenerais adoitan dar as ordes pertinentes aos demais integrantes da mascarada, como comezar a marcha, visitar as casas da parroquia, dando “vivas” aos seus integrantes, momento no que escomenza a teatralización. No obstante, os momentos fundamentais da mesma é cando se leva a cabo “*un atranque ou alto*”, reflectido na disputa verbal, case sempre en verso, entre un veciño da aldea e a mascarada, rematando sempre en concordia. A teatralidade segue ata “*o atranque final*”, que se realiza ao atardecer nun lugar axeitado da parroquia. Alí a mascarada se fragmenta en dous bandos e iníciase un enfrontamento en verso, que está ensaiado de antemán. O contido do mesmo adoita referirse a sucesos, que aconteceron a nivel mundial, estatal, autonómico, e municipal; ademais a lingua que se utiliza é o castelán. ⁴⁵.

2.1. MOSTRA DUN ATRANCO: ENFRONTAMENTO ENTRE DOUS XENERAIS (SAN SIMÓN DE ONS DE CACHEIRAS-TEO).

XENERAL A: Si gobierna el socialismo / ya os podeis preparar / pagaremos más impuestos / y tendréis que trabajar.

XENERAL B: Con la UCD en el gobierno / el paro ha aumentado /aumentaron los peludos / y también hay más drogados.

XENERAL A: Pues el líder socialista / a España decepcionó / presentó el voto de censura / que la UCD ganó.

XENERAL B: Pues la UCD señores / poco va a gobernar / porque el mismo sector crítico / es quien la va a traicionar ⁴⁶.

Case todas estas pezas teatrais, que acabamos de ver, deixaron de escenificarse co paso dos anos. Con todo, na provincia de Lugo hai comunidades parroquiais, *como Santiago*

⁴³ MARIÑO FERRO, X.R.: *Ob.cit.*, páx. 137.

⁴⁴ COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, páx.205.

⁴⁵ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. : *Ob.cit.*, páxs. 120-121.

MARIÑO FERRO, X.R.: *Ob. cit.*, páx. 200-201.

⁴⁶ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Ob. cit.*, páx. 121.

de Arriba (Chantada),⁴⁷ onde se seguen levando a cabo “*os oficios*”. (FOTOS). Estes son representacións burlescas e satíricas de diferentes acontecementos da actualidade e, tamén da dinámica cotiá dos veciños da comunidade. Os seus persoeiros, nomeados “mecos”, van vestidos con roupas vellas e por medio dos xestos, dos movementos e dos sonidos, transmiten a mensaxe. Nos seus inicios, os oficios tiñan como finalidade levar a cabo unha imitación burlesca dos oficios non agrarios.

Tamén na *parroquia de Salcedo*, (FOTOS) que forma parte do municipio de A Pobra do Brollón, hai dous tipos de representacións:⁴⁸ Por unha banda, temos “os disfraces de campo”. Trátase de interpretacións pantomímicas nas que se parodian algúns eventos sucedidos durante o ano.. Ademais, todos os domingos do Entroido representanse no salón de actos da localidade pezas teatrais curtas e humorísticas de contido diferente, que amosan os diálogos en prosa. É unha tradición que arrinca do ano 1958 ata o momento actual. Neste últimos anos, unha das que se interpretaron foi “*A petición de man*”, que ten cinco persoeiros: *Raúl*, señor maior; pai de Carmen e avogado; *Maruxa*, rapaza de mediana idade, e serventa; *Carmen*, rapaza nova, filla de Raúl, e orientadora laboral; *Rafa*, futuro marido de Carmen e avogado; e *Manolo*, rapaz novo, electricista. Outra, leva o título de “*Non casei con todos*”, e foi representada polos seguintes personaxes: *Rafa*, noivo recién casado, enamorado da súa bela dona; *Luisa*, noiva moi guapa e distinguida; *Lola*, nai de Luísa, vai facer da noite algo inesquecible; *Encarna*, nai de Lola e avoa de Luísa; *Marcial*, amigo de estudos de Rafa; e *Avelilo*, amigo de estudos de Rafa. A escena transcurre no salón dunha casa onde se supón que vai pasar a primeira noite de casados unha parella. Esta entusiasmada porque é a primeira vez que van manter relación íntimas, despois de sete anos de noivado. Pero todo se vai complicando cando empeza a aparecer

⁴⁷ BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I.* Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia*, n° 39, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa*, n° 22, 2012, páxs. 78-105.

⁴⁸ BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía de Salcedo”, *Lucensia*, n° 40, Lugo, 2010, páxs. 163-172.

xente na estanza, un tras doutro, cada vez máis e máis. Eles pensan que van tolear e pouco lles ha faltar...⁴⁹.

III. ALGUNHAS PEZAS TEATRAIS NO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

Na actualidade, na Terra Chá, podemos sinalar que no “Val de Francos” hai tres parroquias: Ansemar, Balmonte e Goberno, que realizan o Entroido conxuntamente dende o ano 1992 no “Campo de Carril” (Ansemar). E esta iniciativa levada a cabo por *Xosé Luís García Cupeiro* de Goberno; *Xoán Carlos Rodríguez Folgueira* de Balmonte e *Xoán Xosé Pita Iravedra* de Ansemar, quedou reflectica na seguinte estrofa: “*Xa que tres pobos se uniron,/ con unha grande ilusión,/ nunha tarde de harmonía / fan esta celebración.*”. E a este grupo uniuse pouco despois o crego *Xosé Manuel Carballo Ferreiro*, párroco de varias freguesías do concello de Castro de Rei. Este home foi o que realizou todos os textos dos xuízos, que se celebraron dende o comezo desta nova andadura ata o ano 2017, cando finou.

Este novo Entroido distinguíase dun xeito esencial por tres actos, que se celebraban o Martes de Entroido, a saber, “*o Sermón do Entroido*”; logo, “*o Xuízo ao Entroido*”; e, finalmente a “*queima do Entroido*”. Hoxe, segue celebrándose “o Sermón do Entroido” e, a continuación a queima do mesmo. (FOTO). Por outra banda, ao longo da historia deste Entroido cómpre sinalar a unha serie de sermoeiros, que merecen o noso eloxio e recoñecemento polo labor, que realizaron no decurso da súa vida. Estes foron: *Laxe de Loentia*, *Elías de Concha de Ansemar*, *Salvador de Aguiar de Goberno*, *Serafín de Tito de Quintela*, *Eleuto e Hipólito de Ansemar*, e finalmente, *Edelmiro de Goberno*. Este elaborou os quince últimos sermóns ata o ano 2017, no que colleu as rendas o seu fillo *José Luis Cupeiro*, realizando os tres últimos.

Tamén na parroquia de Bazar recuperouse o Entroido a finais da primeira década do século XXI mais so se celebrou durante catro anos, nos que houbo o “Sermón do Entroido” e a súa queima.(FOTO). Nesta parroquia todos os veciños lembran os entroidos, que se realizaron noutrora, e aos seus relevantes sermoeiros como *Severino das Fontes*, quen comezou a organizar este evento a principios do século XX no “Campo de Carravilar”. Logo, viñeron *Avelino de Marcos*, *Ramón do Cura*, *José Benito de Carravilar*, e *Rafael de Xusto*. A recuperación foi levada a cabo por xente nova, como as

⁴⁹ GONZÁLEZ, Javier.: *Comedias para un pobo, seis pezas de teatro*, Lugo: Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira. Colectivo Beladona,2014, páxs.57 e 73.

netas de Avelino de Toño e o neto de Mingas, mais non sabemos que motivos puido haber para non continuar coa organización do evento.

Os sermóns nestas comunidades parroquiais constituían un importante evento social. Estes adoitaban levar unha importante carga de burla, sarcasmo, e crítica sobre unha serie de acontecementos acaecidos durante o ano anterior e o que estaba en curso. No obstante, tamén eran un instrumento moi válido para recoñecer as tarefas positivas levadas a cabo nas mesmas. Ademais, xuntamente coa queima do Entroido constituían un importante signo de identidade parroquial. **(FOTO DO PÚBLICO ASISTENTE)**. O sermón – segundo *Federico Cocho*- ***“tiña un sentido e unha forza particulares no marco dunha vida parroquial rixidamente marcada pola tradición e cun profundo sentido de unidade colectiva entre os propios veciños”***⁵⁰.

Ao remataren o Sermón, levábase a cabo o Xuízo ao Entroido en “Val de Francos”, e a queima do Entroido en Bazar.

1º. ALGUNHAS ESTROFAS DE SERMÓNS EN AMBOS OS DOUS ENTROIDOS.

VAL DE FRANCOS.

SERMÓN DO 2015. “Temos muitas carreteras / que parecen carrilleiras. / Para poder andar por elas / hai que tirarse as silveiras.”/.

“ Pra gobernar en España / todo o mundo e mui listo,/ e despois de colocados, / roubanlle a capa a un obispo.” **(FOTOS DE SERMOEIROS)**

SERMÓN DO 2017. “ Falando da Seguridade Social / a xente andavos doente./ Pides vez por un infarto, / e dancha pró ano seguinte”/.

SERMÓN DO 2018. “ Imos falar dos maderistas / que teñen moito que rascar, / están desfacendo as pistas,/ non hai por onde pasar”/.

“Vamos falar dos rapaces, / verán se teño razón,/ antes de que empece a festa,/xa marchan pro botellón./

⁵⁰ COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Xerais, 1990, páx. 282.

BAZAR.

SERMÓN DO 2009. “ Un par de veciños da ponte pa aló / as fincas con estacas quixeron cerrar / e como un peso non querían pagar / a Diputación llelas fixo arrincar”/.

“ A parroquia de Bazar / nos derradeiros anos pouco estivo a cambiar, / e como todas no rural se segue a despoblar.

/ Menos mal que Pérez xa pasou polo altar / e agora esperamos que moitos meniños / o veñan acompañar”/

SERMÓN DO 2010. “ Os ganadeiros en Bazar / estanche moi enfadados / pois si o do leite non se arranxa / mándache moito carallo”/.

“ Políticos arregladores / eles sempre son señores / banqueiros especuladores / vaia panda de papadores”/ (**FOTOS DE SERMOEIROS**).

2º. O XUIZO AO ENTROIDO EN “VAL DE FRANCOS”. UNHA MOSTRA: O XUIZO DO ANO 1998.

Dende o ano 1992, co inicio da nova andadura do Entroido en “Val de Francos”, Xosé Manuel Carballo Ferreiro vaise encargar de realizar todos os textos dos xuízos, empregando a lingua galega. Estes foron realizados en quartetas. No obstante, os últimos xuízos da segunda década do século XXI, foron elaborados en prosa. (**FOTO DE XUICES**)

No xuízo participan os seguintes personaxes:

* Un alguacil, que fai alusión a que o Antroido vai ser xulgado e, tamén vaise encargar de levar a efecto a sentenza dada polo xuíz.

* Un fiscal, que culpabiliza ao Entroido de todas as maldades que hai no mundo.

* Un avogado defensor, que tenta defender ao Entroido das acusacións, que lle imputa o fiscal.

* Un xuíz encargado vulgar e dictar sentenza.

XUIZO DO ANO 1998.

ALGUACIL. Procedamos ó xuízo / seguindo co noso costume
por ver se este ano tamén / o Antroido vai parar ó lume.

XUIZ. Pido ós señores letrados / que argumenten en conciencia
e tamén con brevidade / para non acabarnos coa paciencia.
E a toda esta concurrencia / tamén lle pido atención

por respecto ós que falamos / e para enterarse da función.

ALGUACIL. Partimos da presunción / de que o Antroido tén merecido un castigo ben severo / polo mal que leva urdido.

DEFENSOR. Que ninguén o dea por condenado / o xuízo debe ser imparcial, pois tamén tén dereito a defensa / anque fose un criminal.

FISCAL. Que non se adiante a defensa / supoñendo parcialidades que ningún ano se queimou / sen aclara-las responsabilidades.

DEFENSOR. Xa sabemos, señor Fiscal, / cales son as súas mañas. Vostede con tal de acusar / enreda máis cás arañas.

FISCAL. O señor defensor ben quixera / que nin houbera acusación, para así salirse coa súa / e librar a este lambón.

XUIZ. Para introducción xa chega. / Céntrense no proceso. Non se enguedellen entre ambos, / que non viñemos para eso.

FISCAL. Non teño que esforzarme moito / para acusar a este mal nacido, pois que é pai de moitas maldades / por todos é ben sabido.

DEFENSOR. Acuse de cousas concretas / e déixese de ambigüidades, senón vannos pillar aquí / as vindeiras navidades.

FISCAL. (...) Explíqueme, logo, se sabe, / quen puido ser o autor de que en Moncelos chovesen peixes / ata cargar un tractor.

DEFENSOR. Iso non llo sei dicir, / serían os extraterrestres que dos seus pratiños voantes / botaron esas sementes.

FISCAL. (...) No mundo seguen as fames, / as guerras e marxinacións e á explotación dos nenos / non se lle ven solución. Os homes serán executores / pero o Antroido é quen induce, pois está ben comprobado / que polo mal camiño conduce.

DEFENSOR. Se me fala de inducións / a cousa ponse máis negra, pois o que é inducir, / pode inducir calquera.

FISCAL. Si, pero neste caso, / temos un reo presente e non hai que andar buscando / a outros por entre a xente.

XUIZ. Non se precisan máis probas. / O Fiscal falou con acerto. Acabemos de unha vez / e deámoslle un escarmento.

DEFENSOR. Protesto, señor Xuíz. / A súa decisión é precipitada e pode pensar a xente / que isto é unha amañada.

XUIZ. Non hai lugar á protesta. / O caso está cerrado.

Compare con outras sentencias / e non se dea por agraviado.

ALGUACIL Pronunciouse o Xuiz / e o proceso está rematado.

Vese que este ano tamén / o Antroido foi condenado.

IV. ALGUNHAS INTERPRETACIÓNS SIMBÓLICAS SOBRE O GALO.

A poboación grega considera aínda hoxe que o seu canto axuda a afastar os demos da noite. Tamén, na antiga India vinculouse a este animal co sol e o lume pola súa relación co alba; isto deu lugar a que lle fixeran sacrificios a Savitr (o sol) e a Agui (o lume). Así mesmo, o galo como ave da fecundidade exerce un rol relevante nos ritos matrimoniais dalgunhas culturas; así, no Talmud dícese que no día da boda poñíase un galo e unha galiña na presenza dos futuros cónxuxes como símbolo da fecundidade ⁵¹. Así mesmo, *Van Gennep* descartou que se tratase dun ritual de sacrificio de deuses, reis ou símbolos da vexetación á chegada da primavera, como sinalaba *Frazer* e os seus seguidores ⁵². Pola contra, *Caro Baroja*, apoia a *Frazer* aludindo que o galo era un dos animais que nunha ampla zona de Europa simbolizaba un espírito maligno, que se ocultaba nas colleitas; polo tanto, cómpríase combatilo simbólicamente para protexer as colleitas e asegurar unha boa produtividade da mesma. En suma, trátase dun ritual ligado a fertilidade ⁵³. No obstante, na actualidade hai pensadores que manifestan que “o ritual do galo” no Entroido tiña un componente sexual relevante, xa que esta ave é un dos animais máis simbólicos do Entroido en canto á carnalidade e luxuria. Entre outros, podemos citar aos etnógrafos *Federico Cocho*, *Xosé M. González Reboredo*, *Xosé R. Mariño Ferro*, *Clodio González...*

“ O galo é un símbolo da luxuria exacerbada, do exceso carnal, e dun desmesurado apetito sexual” ⁵⁴. **“Tamén, Cobarrubias, no século XVII, destacou que o galo é símbolo da lascivia, do apetito carnal, polo que o seu sacrificio en pleno Entroido, época de excesos, non é máis ca unha condena ritual da libertinaxe carnavalesca e tamén de castigo ó animal símbolo do varón adulto dominante nas sociedades tradicionais”** ⁵⁵.

⁵¹ ALONSO DE MARTÍN, J. Salvador.: *La corrida del gallo en Mecerreyes (Burgos)*, en www.cervantesvirtual.com.

⁵² COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, páx. 205.

⁵³ CARO BAROJA, Julio.: *Los pueblos de España. Vol. II*. Madrid: Istmo, 1981.

⁵⁴ COCHO, Federico.: *Ob. cit.*, páx. 205.

⁵⁵ GONZÁLEZ REBOREDO.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

V. BIBLIOGRAFÍA.

ALONSO DE MARTÍN, J. Salvador.: *La corrida del gallo en Mecerreyes (Burgos)*, en www.cervantesvirtual.com.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I.* Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga) nº 19*, 2009.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163-172.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78-105.

BOUZA BREY, F.: “Teatro de Carnaval en Galicia”, en *Etnografía y folklore de Galicia* (2), Vigo, Xerais, páxs. 203-209.

BRAVOS LÓPEZ, Marisol (Coodinadora). Equipo de Normalización Lingüística. C.P. Veleiro do Campo (Castro de Ribeiras de Lea). Cursos 95/96 e 96/97. *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos*. Lugo: Publicacións Citania, 2000, páx.137.

CARO BAROJA, Julio.: *Los pueblos de España. Vol. II*. Madrid: Istmo, 1981.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Madrid: Taurus, 1984, páxs.84-90.

COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990.

CHAO REGO, Xosé.: “ O Entroido é unha entrada”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido.*,(Coord. Xosé Mansuel Carballo Ferreiro) páxs. 30-31

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio.: *Do Entroido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Colección Alicerces, nº 6, páx.9

G. AMARELLE, Raquel.: *Galicia en Entroido*, Santiago de Compostela: Consellería de In COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990, páx. 198.

GONZÁLEZ MONTAÑES, J.: “Teatro de Carnaval”. En www.xente.mundo-r.com/juliomonta/carnaval.htm.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2, 1991, páx.58.00.994, páx. 9.

GONZÁLEZ REBOREDO.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “Teatralidade e Teatro no Entroido de Galiza”, en *o Patrimonio Inmaterial das Terras de Lemos. Actas do Congreso, primavera-outono, 2009*, Lugo: Lugo Patrimonio, Deputación Provincial de Lugo. “ Parroquia lucense de Duarría, que forma parte do municipio lucense de Castro de Rei”, páx. 114.

GONZÁLEZ, Javier.: *Comedias para un pobo, seis pezas de teatro*, Lugo: Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira. Colectivo Beladona,2014, páxs.57 e 73.

MARIÑO FERRO, X.R.: Antropoloxía de Galicia, Vigo: Ed. Xerais, 2000, páxs. 467-471.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003, páx. 144.

RISCO, Vicente.: *Historia de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 611.

ROMERO MASIÁ, A. / POSE MESURA, X.M.: “Unha manifestación do Entroido en Barizo. O xogo das vacas”, en *Boletín Auriense, tomo XX-XXI*, Ourense, 1990-91, páxs. 397 e ss.

RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “ Proxecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, en *CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. Nº 26, 2016, Castro de Rei (Lugo).

SANTAMARIÑA, Fidalgo.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourensán*. Deputación de Ourense. Fundación Caixa Galicia, 2009.

SIXIREI PAREDES, Carlos.: *San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1982.novación e Industria. Xunta de Galicia, 2006, páx. 100

SUAREZ PIÑEIRO, Ana.: As festas rituais de Galicia, Santiago de Compostela: Ed. Lóstrego, 20 BENITO RIESCO, Orlando.: “A propósito de un ritual. “Correr el gallo”, un rito de iniciación”, en *Gazeta de Antropología*, nº 22, 2006

TENORIO, Nicolás.: La aldea gallega, Vigo: Xerais, 1982, páx. 170.

VI. ILUSTRACIÓNS.



QUEIMA DO ENTROIDO EN “VAL DE FRANCOS” (CASTRO DE REI). 2017. FOTO. BLANCO PRADO.



CORRIDA DO GALO. GRAVADO GALEGO DE MEDIADOS DO SÉCULO XIX



O GALO NO RÍO. COBRES (VILABOA) (PONTEVEDRA). LA VOZ DE GALICIA. ES.



O GALO NA VARA. COBRES (VILABOA)



RITUAL DO GALO. FORNELOS (O ROSAL - PONTEVEDRA). WWW. INFOMIÑO.COM



"RITUAL DO GALO"- A MEZQUITA (OURENSE).WWW.OURENSE.COM



A CORRIDA DO GALO EN ANSEMAR (CASTRO DE REI). FOTO DE BERNARDINO BARREIRO.



“CORRIDA DO GALO” EN ANSEMAR (CASTRO DE REI). FOTO DE BERNARDINO BARREIRO.



SERMONEIROS DE “VAL DE FRANCO” (CASTRO DE REI). ANO 2015. FOTO. BLANCO PRADO.



*OS FARELEIROS, MÁSCARA DE "VAL DE FRANCOS" FACENDO PASO AO ENTROIDO. FOTO.
BLANCO PRADO*



XUIZO AO ENTROIDO EN "VAL DE FRANCOS".2013. FOTO.J.M. BLANCO PRADO



PÚBLICO ASISTENTE AO ENTROIDO DE “VAL DE FRANCOS”.2013.FOTO. BLANCO PRADO.



SERMONEIROS DE BAZAR (CASTRO DE REI), 2011. FOTO. BLANCO PRADO



QUEIMA DO ENTROIDO EN BAZAR (CASTRO DE REI). 2010. FOTO. J.M.BLANCO PRADO



SERMONEIROS EN BAZAR. AÑO 2012. FOTO. J.M. BLANCO PRADO.



***SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA). OFICIO SOBRE AS OLIMPIÁS RIBEIRÁS. 2020.
FOTO. J.M.BLANCO PRADO.***



***SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA). OFICIO SOBRE O EXÉRCITO DO MOREDO.
2019. FOTO. J.M.BLANCO PRADO.***



SANTIAGO DE ARRIBA (CHANTADA). OFICIO. 2012. FOTO. J.M.BLANCO PRADO.



SALCEDO (A POBRA DO BROLLÓN). OS CANTAUTORES DO ENTROIDO. FOTO. J.M. BLANCO PRADO.



SALCEDO (A POBRA DO BROLLÓN). AS MADAMAS E OS DANZANTES. ANO 2012.